



DOSSIER:

Polémica co E-Dixgal

Educación: coa pantalla non chega

Docentes e colectivos de nais e pais coinciden nas eivas no proceso da dixitalización da educación en Galicia. Carencias que afectan ao modelo pedagóxico e ás competencias que recibe o alumnado.

CARTA DE AXUSTE / A baza mediática. **GALICIA** / O rural afronta unha nova tipoloxía de lumes devastadores. **AS CLAVES** / China está de volta. **ECONOMÍA** / Un cupo galego? **TECNOLOXÍA** / Galicia e a innovación loxística. **ECOLOXÍA** / As augas da Limia, un desastre tan alertado como evitable. **CULTURA** / Lois Patiño, unha mirada cinematográfica única. **CRÓNICA** / O Festival de Cine de Melgaço, documental de alcance social.

10



TN


26



- 4 CARTA DE AXUSTE / **A BAZA MEDIÁTICA** - Luís Álvarez Pousa
- 8 A VELAS VIR / **A XUNTA CLANDESTINA** - Xurxo Borrazás
- 8 EN DESTAQUE / DOSSIER **A DIXITALIZACIÓN ANALÓXICA DO SISTEMA EDUCATIVO GALEGO**
EDUCACIÓN, NEUTRALIDADE E GUERRAS CULTURAIS - Miguel Vázquez Freire
REPENSANDO O MODELO DE DIXITALIZACIÓN DO ENSINO Á LUZ DOS DATOS - Esther Martínez Piñeiro
 ENTREVISTA / **XESÚS RODRÍGUEZ, NOVA ESCOLA GALEGA: "EN ÚLTIMA INSTANCIA, A DIXITALIZACIÓN DEBE ESTAR AO SERVIZO DA EDUCACIÓN E NON AO REVÉS"** - MVF
- 24 NOTAS DE PASO / **OS LUMES E O PARTIDO DO CLIMA** - Manuel M. Barreiro
- 26 AS CLAVES
 GALICIA / **LUME VELLO, LUME NOVO** - Francisco Cortez-Lobão Sineiro
 CONVERSA XULIO RÍOS – ALBINO PRADA/ **A GRAN REAFIRMACIÓN CHINESA** - F. C-L.
 DESNORTADOS / **¿UN CONCERTO SOLIDARIO XENERALIZADO?** - Albino Prada
- 43 LUCES LONGAS
 ARGUMENTA / **MARX NO ANTROPOCENO (I) MARX E O ECOLOXISMO. O ENFOQUE DE BELLAMY FOSTER** - Jorge Álvarez Yágüez
 ARGUMENTA / **AUGA NA LIMIA. UNHA CRÓNICA DUNHA CONTAMINACIÓN ANUNCIADA** - Serafín González Prieto
 TECNOLOXÍA / **LOXÍSTICA GLOBAL: UN INVENTO DE GALICIA PARA O MUNDO** - Xosé Antonio Rial
- 59 CULTURA
 ENTREVISTA / **LOIS PATIÑO, CINEASTA. UNHA MANEIRA DE SENTIR O MUNDO** - Fernando Redondo
 CRÓNICA / **XI MDOC DE MELGAÇO. CINEMA DOCUMENTAL DE ALCANCE SOCIAL** - Severiano Casalderrey
 CRÍTICA CULTURAL / **LIBROS, ESCENA,SERIES, CINEMA**
- 77 TODO É PEIXE
 OLLO PÚBLICO / **LUME** - Nacho Gómez / Camilo Franco
 AS DESHORAS / **TARDE DE AGOSTO NA CORUÑA** - Damián Villalaín
 NATUREZA INSÓLITA / **O ESTERCO** - Roxelio P. Moreira
- 80 CARA B / **SUPERVANIA** - Anna R. Figueiredo / Diego Seixo



44



77



60

No número de xullo de TEMPOS NOVOS presentabamos un dossier co título “Decrecer con xeito”. A cuestión da crise ecolóxica e a proposta do decrecemento, fronte a para moitos suicida teimosía no crecemento depredador capitalista, é tamén o tema dos dous textos do especialista en filosofía política Jorge Álvarez Yáguez que ocuparán a sección Argumenta nos meses de setembro e outubro. Se no primeiro, que publicamos neste número, detense nas achegas de diversos autores que contribuíron a desmontar a tese dun Marx produtivista e xaora alleo ás preocupacións ecolóxicas; no segundo centrarase na obra do xaponés Kohei Saito, quen coa publicación de *O Capital na era do Antropoceno*, reivindica un Marx decididamente ecoloxista e mesmo decrecentista.

MARX NO ANTROPOCENO (I)

Marx e o ecoloxismo. O enfoque de Bellamy Foster

[T] **Jorge Álvarez Yáguez**

UNHA NOVA ÉPOCA XEOLÓXICA

A humanidade ingresou nunha nova época xeolóxica que leva o nome de Antropoceno, en tanto que se estima que a actividade humana, comportándose como unha verdadeira forza xeolóxica, transformou o planeta. Deixariamos atrás, pois, o período do Holoceno en que durante 11.000 anos se desenvolveu a vida do ser humano, construíronse as grandes civilizacións, pasouse da prehistoria a historia. Só falta que a Academia xeolóxica acepte oficialmente a nova denominación, pero isto non é o relevante. Todo o problema da nova etapa reside en que a xigantesca pegada do home na Terra non ten un balance positivo a efectos biolóxicos, relativos ás condicións de existencia da vida humana e non humana neste planeta. Os chamados nove límites planetarios (J. Rockström) que marcarían esas condicións (clima, biodiversidade, nitróxeno, augas, solo, etc) están a ser excedidos; xa o fixemos con seis deles.

Neste contexto, a problemática ecolóxica xa non pode por máis tempo ser considerada unha especie de rama

engadida aos enfoques socio-políticos. De feito, así é como se viña facendo por parte das ideoloxías dos distintos partidos e nos enfoques de boa parte dos intelectuais preocupados polo que sucede na área pública. A perspectiva ecolóxica non pode xa ser adoptada como unha rama máis das nosas análises, senón como a base dende a que contemplar todo o demais. Este debiera ser o primeiro efecto que no campo da teoría socio-política tería que ter para calquera conciencia que estea á altura da situación.

Resulta enteiramente lóxico que, dende unha das grandes teorías que abasteceu de ferramentas conceptuais a toda caste de intelectuais, foran o non defensores das teses do seu creador, se formule a pregunta acerca de que pode aportarnos respecto deste tempo decisivo; estámonos a referir ao pensamento de Marx. No en van, Paul Crutzen e Eugene F. Stoermer, que foron os primeiros en formular a tese de entrada nunha nova época xeolóxica que debía chamarse Antropoceno, pensaban que posiblemente se iniciara coa revolución industrial; e algún teórico



marxista como Jason W. Moore prefira denominar Capita-loceno, por considerar que o verdadeiro causante non era senón un moi específico sistema económico.

MARX PRODUTIVISTA

Como é sabido, o pensamento ecoloxista nunha grande parte estimou que, polo menos o Marx maduro, se inscribía nunha liña industrialista, tecnoloxista, produtivista, antropocentrista moi ancorada no pensamento ilustrado moderno en favor dun dominio total sobre a natureza, e non consideraba apenas toda a problemática dos límites naturais, e se algunha vez se acercara a iso, fora moi fragmentariamente sen afectar a súa concepción xeral. Unha posición que a idea dun socialismo entendido como un paso máis no desenvolvemento das forzas produtivas, unha sociedade de abundancia, parecía confirmar. De feito, boa parte do marxismo, de base fortemente economicista, a que foi adoptada polo movemento internacional e os partidos comunistas, desenvolveríase durante anos á marxe da pro-

blemática ecolóxica, e cando esta empezou a conformar un movemento, os comunistas e socialistas só aceptaron algunhas das súas ideas dunha forma electoralista, nun claro segundo plano, disposto a ser sacrificado en canto que entrase en conflito cos intereses máis inmediatos dos sectores sociais que formaban a súa base de apoio.

Certamente, non serían poucos os que pensaban que en absoluto deberan estar en contraposición os dous movementos, obreiro e popular por un lado, e ecoloxista por outro, na medida na que ambos tratasen de superar o

**A PERSPECTIVA ECOLÓXICA NON PODE
XA SER ADOPTADA COMO UNHA
RAMA MÁIS DAS NOSAS ANÁLISES,
SENÓN COMO A BASE DENDE A QUE
CONTEMPLAR TODO O DEMAIS.**



➤ Monumento a Karl Marx en Chemnitz, Alemania

capitalismo, toda vez que o mantemento daquel significaba a explotación e o empeoramento das condicións para a clase obreira, campesiña e outros sectores sociais, pero tamén a destrución do medio natural. Pronto apareceron teorías ecolóxicas en intelectuais que abrazaban esa converxencia. Respecto de Marx delimitábanse dúas posicións principalmente: por unha parte a posición dos que, se ben crían pertinente o uso de Marx, este debía ser depurado á luz das novas formulacións ecoloxistas, toda vez que Marx se presentaba como un pensador produtivista e prometeísta, un ilustrado materialista do progreso, con independencia de que houbera observacións illadas noutra dirección, pois non tiveran repercusión na súa gran teoría; e por outra parte, a posición dos que pensaban que podían utilizarse “algúns indicios político-ecolóxicos de Marx”, para dicilo con Manuel Sacristán, e desenvolve-os xa con achegas que mentres tanto se foron dando. Na primeira posición estaría xente como A. Gorz, J. O’Connor, Michel Löwy ou Martínez Alier, e na segunda o mencionado Sacristán, P. Sweezy, Mészáros, R. Bahro entre moitos outros. En calquera dos casos, o ecosocialismo, dada a situación da teoría marxiana, habería de elaborar unha concepción ecoloxista desde o exterior para articulala dalgún modo con elementos posibilitadores do pensamento marxiano ou engelsiano.

Autores como Paul Burkett e especialmente John Bellamy Foster, desde a última década do século XX en adiante, introduciron un gran cambio neste panorama, ao soste que as observacións de Marx e Engels non eran nin moito menos tan fragmentarias e illadas como podería supoñerse, que en realidade se integraban nunha concepción coherente que daba á alternativa comunista

COMO É SABIDO, O PENSAMENTO ECOLOXISTA NUNHA GRANDE PARTE ESTIMOU QUE, POLO MENOS O MARX MADURO, SE INSCRIBÍA NUNHA LIÑA INDUSTRIALISTA, TECNOLOXISTA, PRODUTIVISTA, ANTROPOCENTRISTA MOI ANCORADA NO PENSAMENTO ILUSTRADO MODERNO EN FAVOR DUN DOMINIO TOTAL SOBRE A NATUREZA.

unha dimensión ecolóxica que acostumaba a non destacarse cando non a esquecerse. Bellamy Foster tratou de mostrar como en realidade a concepción marxiana da relación histórica do home coa natureza formaba unha parte continuada e esencial na perspectiva marxiana. Para o estudoso ecoloxista estadounidense en Marx -como en Engels- a consideración das contradicións que o capitalismo introducía na relación entre home e natureza estivo presente desde o principio. O concepto de *alienación* desenvolvido nos *Manuscritos de economía e filosofía* de 1844, amosaba como a alienación do traballador nas relacións capitalistas implicaba o seu estrañamento respecto da natureza mesma, que deixaba de ser o seu “corpo inorgánico”, o lugar de desenvolvemento das súas calidades estéticas, creativas e de realización da súa propia esencia universal. O traballador nas relacións capitalistas de produción quedaba alienado respecto da súa propia esencia, pero tamén da natureza mesma. Esa idea non deixaría de afondarse e cobrar dimensións máis concretas co desprestigio de toda a súa teoría económica.

MARX ECOLOXISTA

Un momento central, segundo a lectura de Foster, representaríao o encontro de Marx coa obra do gran químico alemán Justus von Liebig, xusto no momento en que Marx traballaba na preparación de *O capital*. Marx atopaba nel a clave do enriquecemento dos solos de cultivo, pois Liebig descifraba que elementos químicos eran esenciais e como a falta dalgún deles ou a súa mingua supoñían unha inmediata caída na fertilidade. Para Marx, nun principio esa extraordinaria achega significaba un argumento máis na súa crítica á teoría de Malthus da insuperable lei



7 A construción de Magnitogorsk / Dmitry Debabov, USSR, 1930.

do crecemento aritmético dos alimentos procedentes de plantas e animais, e a progresión xeométrica do crecemento da poboación. Para Marx a tese deste “clérigo reaccionario” adoece de varios defectos pero o principal era a súa ahistoricidade, a non consideración da acción humana. Con Liebig mostrábase que a partir do mellor coñecemento do crecemento das plantas poderíase contrarrestar a deficiencia de alimentos e o empobrecemento das terras, como de feito foi, en parte obra do mesmo Liebig, favorecendo a elaboración de abonos químicos que garantisen achegas de nitróxeno e fósforo, entre outros elementos. Liebig tamén permitía a Marx afondar a crítica á concepción ahistórica dos rendementos decrecentes do solo de David Ricardo.

Pero a idea que máis lle interesou a Marx foi a da *fractura metabólica* xerada entre campo e cidade, un concepto do que xa non se separaría Marx. Para Liebig, o empobrecemento progresivo dos solos era debido en boa medida a que o campo producía para a gran cidade, é esta, distanciada de aquel, non revertía os desperdicios orgánicos ao campo para que lle servisen de abono. Esta separación entre campo e cidade, unida á presión que a primeira exercía sobre el para intensificar a produción, facía que o solo se empobrecera progresivamente e as colleitas minguaran. Liebig cualificaba isto de agricultura do roubo (*Raubbau*); e os cultivos a escala crecente facían que Inglaterra estivese de feito roubando a terra das presentes e futuras xeracións doutras parte do mundo, de Irlanda en primeiro lugar. Marx vía en Liebig máis precisada a contradición campo/cidade que el sempre denunciara como contradición capitalista, unha contradición que illaba e empobrecía a mesma vida dos

DESDE O PUNTO DE VISTA DE FOSTER, MARX ARTICULABA PERFECTAMENTE AS SÚAS OBSERVACIÓNS ECOLÓXICAS CON TODAS AS SÚAS ANÁLISES SOBRE O MOVEMENTO DO CAPITAL E AS SÚAS CONTRADIÇÕES.

campesiños, mentres que a cidade vivía cada vez en peores condicións coa contaminación do aire e das augas; o Támesis, como dicía en *O capital*, convertérase nun río envelenado fomentador de enfermidades; de feito nos mesmos sesenta déranse brotes de cólera. Liebig ía volvéndose cada vez máis pesimista en canto á posibilidade de resolver o problema do empobrecemento da terra, pois a longo prazo, constataba, os abonos químicos non o resolvían.

En todo caso, Marx, que seguía esa evolución do grande químico, consideraba que só unha racional división do traballo, unha planificación da produción como a que propuña o socialismo, a comunidade de produtores asociados, podería resolver a división campo-cidade e lograr un tipo de desenvolvemento sostible no que unha xeración non hipotecase as condicións de existencia das futuras. Como dicía en *O capital*: “Desde o punto de vista dunha formación socioeconómica superior, a propiedade privada dos individuos particulares na terra parecerá tan absurda como a propiedade privada dun home sobre outro. Nin sequera unha sociedade enteira, unha nación ou todas as sociedades existentes simultaneamente, tomadas no seu conxunto, son *propietarias* da terra. Simplemente son os seus *ocupantes*, os seus *beneficiarios*, e, como *boni patres familias*, teñen que legala nun estado mellorado ás xeracións vindeiras”. Desde o punto de vista de Foster, Marx articulaba perfectamente as súas observacións ecolóxicas con todas as súas análises sobre o movemento do capital e as súas contradicións.

A interpretación que sostén a idea dun Marx produtivista e prometeísta non tería, pois, unha sólida base na teoría do pensador de Treveris. Foster ademais pensaba que o enfoque marxiano baseábase nunha filosofía materialista que percorría toda a súa obra, apoiada en autores diversos desde Epicuro e Lucrecio a Darwin, de maneira que estamos ante un enfoque sistemático no que a dimensión ecolóxica non era algo externo ou accidental.